

Índice

- Introducción, páxina 3
- Bases legais, páxina 3
- Contextualización, páxina 3
- Obxectivos da Educación Primaria, páxina 4
- Competencias clave, páxina 5
- Avaliación, páxina 6
- Metodoloxía, páxina 9
- Elementos transversais, páxina 11
- Información ao alumnado e ás familias, páxina 12
- Revisión e avaliación da programación, páxina 12
- Áreas: contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos esixibles e a súa relación coas competencias clave, páxina 13
- Planificación temporal e programación das unidades, páxina 24

INTRODUCCIÓN

Hogano, o gran impacto e desenvolvemento dos medios de comunicación e das novas tecnoloxías, provocou un incremento das relacións internacionais sen precedente. Ademais, o proceso de globalización obríganos a usar unha lingua franca co obxectivo de crear e manter relacións con diferentes países e con distintas linguas e culturas. A través do proceso de ensinanza-aprendizaxe da lingua inglesa, destacamos unha actitude respetuosa cara outras culturas promovendo tolerancia e integración. A ensinanza da lingua inglesa ten dous obxectivos principais: os inmediatos e os últimos. Os primeiros teñen que ver con ser quen de entender, falar, ler e escribir a lingua, mentres que os segundos refírense aos coñecementos culturais de interese xeral. Ao longo da Ensinanza Primaria, o desenvolvemento das catro habilidades lingüísticas xogan un papel de gran importancia para o coñecemento, habilidades e experiencias nas linguas que os nenos/as son capaces de entender durante a súa participación en actos de comunicación. A comprensión destes actos de comunicación pode axudarlles a identificar e adquirir a competencia lingüística nun contexto comunicativo. O ensino da lingua inglesa debe centrarse na competencia comunicativa básica. Ao longo do proceso educativo, os profesores teñen que ter en conta a fluidez na fala en vez de precisión na linguaxe, porque a adquisición natural e inconsciente é máis importante que a aprendizaxe de memoria. Co fin de obter un filtro afectivo baixo, unha das cinco hipóteses desenvolvidas por Stephen Krashen, hai que prestar atención á adquisición de motivación dos nosos alumnos. Ademais, nunha clase de inglés é necesario combinar a cultura con outros aspectos da linguaxe. Xa que hai que ler, falar ou escribir sobre algo, por que non de algo con contido cultural que dá a oportunidade de aprender e respectar outras culturas. Pero o noso principal obxectivo como profesores de inglés é axudar aos nosos alumnos a adquirir a competencia comunicativa, noutras palabras, que os nosos alumnos poden comunicarse a través da lingua meta.

BASES LEGAIS

Nesta Programación, tense en consideración o marco xurídico referente á Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), e tamén o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONTEXTUALIZACIÓN

A seguinte programación vai ser levada a cabo no CEIP Rosalía de Castro sito na Rúa Rio Avia s/n que se atopa no Concello de A Coruña. Este centro de ensino público conta cun alumnado

repartido entre os tres niveis de educación infantil e os oito nos que se dispoñe a educación a primaria. No nivel de 4º de Primaria o número de alumnado é de 28 nenos/as que, por mor da pandemia, están desdoblados en dous grupos: 4º A e 4º B. Esta programación foi elaborada para este alumnado escolarizado no centro, precisando en todos eles con distintas habilidades e diferentes ritmos de aprendizaxe. O centro recén descrito dispón de todos os medios necesarios para que se leve a cabo nel un correcto aprendizaxe e desenvolvemento persoal e cultural dos alumno/as. As clases da área de lingua estranxeira: inglés, se levarán a cabo nas aulas de 4º curso de E. P. e as sesións, que se organizarán segundo as distintas unidades didácticas, teñen como principal obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa dos estudantes. Aínda que este curso o colexio non dispoña dunha aula de lingua estranxeira, as aulas de 4º contan con recursos didácticos que serán fundamentais no proceso de ensinanza-aprendizaxe tales como ordenador, pizarras e taboleiro branco interactivo. A mestra que impartirá a asignatura é Sara Mastache Gancedo.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

COMPETENCIAS CLAVE

Considérase que «as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego».

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais.

O decreto establece as seguintes competencias clave:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).

- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Polo tanto, a aprendizaxe baseada en competencias caracterizarase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Para lograr este proceso de cambio curricular o centro favorecerá a visión interdisciplinaria, deseñado tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

AVALIACIÓN

A avaliación cumprirá cos seguintes principios:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Traballar en equipo á hora do seu deseño.
- Ter flexibilidade ao elixir os criterios ou probas.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Ten que recoller ao máximo todos os aspectos da personalidade.
- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global.

Realizaranse as seguintes avaliacións ao longo do curso:

- **Avaliación inicial:** Realízase ao comezo do curso e ao chegar algún alumno/a de incorporación tardía ou procedente doutro centro.
- **Avaliación formativa e continua:** Realízase mediante a observación cotiá, a corrección das tarefas e traballos de aula, facendo as anotacións a ter en conta. Esta avaliación pretende coñecer se os obxectivos propostos son axeitados e se o proceso para adquirilos é o axeitado; permitindo realizar as modificacións precisas para conquerilos.
- **Avaliación trimestral, sumativa e final:** É cuantitativa, estima os méritos, valora os contidos e as competencias adquiridas.

Procementos e instrumentos de avaliación

Escritos:

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula
- Caderno de clase do alumno/a
- Actividades de avaliación (libro, fichas, probas escritas...)

- Traballos en grupo
- Actividades de expresión escrita
- Actividades interactivas

Orais:

- Preguntas individuais ou grupais
- Participación do alumno/a
- Intervención na aula
- Postas en común
- Probas orais individuais
- Lectura expresiva e comprensiva
- Preparación en grupo de diversas actividades.
- Intercambios orais cos alumnos.

Observación sistemática e directa:

- Rexistros
- Ficha rexistro individual

No caso de que durante o curso non puidamos acudir presencialmente ao centro e tivésemos que facer uso de ferramentas dixitais para continuar co proceso de ensinanza-aprendizaxe, estas serían: os exercicios, traballos, proxectos, etc. Que os alumnos/as teñan que enviar por petición da mestra; así como a súa participación, sempre que sexa posíbel, en videoconferencias con máis compañeiras e compañeiros; e o uso, según se indique, de ferramentas que podan incluírse na duración da hipotética situación e que sexan consideradas aptas para unha avaliación real e eficaz dos alumnos e alumnas.

Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial

Os obxectivos que nos marcamos coa avaliación inicial son os seguintes:

- ❖ Detectar as características que a nosa aula ten ao comezar o curso nalgún contido nas Competencia Lingüística.
- ❖ Saber que alumnos/as teñen dificultades de aprendizaxe desde o comezo e curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo adaptado con ese alumnado.
- ❖ Coñecer as peculiaridades do curso para implantar programas preventivos e disminuir os problemas de aprendizaxe.
- ❖ Enlazar os aprendizaxes dos alumnos/as na etapa de Educación Infantil cos que se necesitan ao comezo da etapa primaria.

Criterios de cualificación

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias básicas e o logro

dos obxectivos da etapa serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis recollidos nos apartados anteriores.

Valor porcentual dos estándares de aprendizaxe nas distintas materias:

Estándares referidos a normas, actitudes, traballo e esforzo persoal 35 %

Estándares referidos a conceptos e procedementos: 45%

Estándares referidos a tarefas diarias e rutinas de traballo: 20 %

Os resultados da avaliación referidos ás distintas áreas expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos chegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

Os resultados da avaliación referidos ás competencias clave expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas, e só se reflexarán no boletín destinado ás familias coincidindo co final de curso.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Criterios de promoción

Criterios xerais de promoción

1.- Tendo en conta o carácter global da avaliación na etapa de E. Primaria, o alumnado promocionará de curso sempre que o equipo docente do mesmo considere que alcanzou:

- O desenvolvemento correspondente das competencias clave e dos obxectivos que o centro establece para cada curso ou etapa.
- O grao adecuado de madurez aínda que fora avaliado negativamente nalgunha das áreas.

2.- Un alumno/a con avaliación negativa promocionará ao seguinte curso ou etapa sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non lle impidan seguir avanzando na adquisición de novos contidos, haxa expectativas favorables de recuperación ou sexa beneficioso para a súa evolución persoal. Neste caso, deberase establecer unha programación individual con medidas precisas de reforzos e apoios para a recuperación das aprendizaxes non alcanzadas.

3.- Para a promoción nos tres primeiros cursos de educación primaria terase en especial

consideración o grao de adquisición da competencia lingüística e da competencia matemática. Nos tres últimos cursos, a decisión de promoción considerará preferentemente, ademais das anteriores, a adquisición das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. En todos os casos e no referido a competencia lingüística, prestarase especial atención ao desenvolvemento das tres lingüas presentes no centro: galego, castelán e inglés.

3.- A repetición de curso considerase unha medida excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas de reforzo e apoio adoptadas para solucionar as dificultades de aprendizaxe. Esta opción só se poderá adoptar unha vez ao longo de toda a etapa.

4.- Na toma de decisións relativa a promoción ou non promoción, así coma se fora o caso, na repetición de curso, participarán todos os membros do equipo docente do mesmo, con especial atención aos informes que sobre cada caso aporte o titor ou titora do grupo. Así mesmo, valorarase, aínda que non sexa necesaria a súa autorización, a opinión que manifesten as familias do alumno ou alumna.

No suposto de ter que avaliar ao noso alumnado de xeito non presencial, as ferramentas escollidas serán: de xeito principal, a Aula Virtual posta en funcionamento polo centro coa que poderemos subir contidos, exercicios, xogos, fichas, etc. Para que os alumnos podan usalos desde as súas casas; continuar co traballo e planificación do libro de texto na medida do posible, usando o correo electrónico e outras plataformas dixitais que podamos elixir para satisfacer as necesidades que xurdan no desenvolvemento da nova realidade; a realización de actividades e xogos usando páxinas web nas que é posible realizar un seguimento da actuación e evolución do alumnado; a través da realización de proxectos sinxelos nos que os alumnos poidan elixir e investigar sobre temas que lles interesen e expoñerllo ao resto da clase, etc.

METODOLOXÍA

A metodoloxía será comunicativa, inclusiva, activa e participativa. Isto supón:

1. Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
2. Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza / aprendizaxe.
3. Desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

Principios metodolóxicos

- Desde a perspectiva psicolóxica:
 - a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
 - b) Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.
 - c) Favorecer a aprendizaxe autónoma.

d) Potenciar a actividade.

- Desde a perspectiva pedagóxica:

a) Partir da avaliación inicial, específica e global.

b) Motivar axeitadamente.

c) Analizar os esquemas previos de coñecemento.

d) Fomentar a autonomía, a capacidade de aprender por si mesmos na adquisición dos novos coñecementos.

- Desde a perspectiva sociolóxica:

a) Partir do diagnóstico inicial das relacións que se dan na aula, como microsociedade viva, xermolo das futuras relacións da vida real.

b) Formar grupos nos que se favorezan as relacións humanas e a modelación dos roles máis adecuados.

c) Potenciar os grupos co exercicio constante de experiencias enriquecedoras.

En liñas xerais, consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos.

Distribución do espazo

Durante a clase de inglés, os alumnos ocuparán os mesmos sitios que coa titora, excepto no caso de, por problemas de disciplina u outro tipo, fora necesario efectuar un cambio para garantir o óptimo seguimento das clases por parte de todos os alumnos.

Recursos personais e materiais didácticos

O libro de texto que se empregarán na área de inglés é:

- Lingua estranxeira: Inglés. *Quest 4*. Ed. McMillan.

Ademais empregaranse outros recursos, entre os que destacan:

- PDI e ordenador da aula
- Fichas complementarias e caderno.
- Flashcards de vocabulario e word cards.
- Pinturas de cores.
- Outros medios das novas tecnoloxías da información.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

En canto á educación en valores. Procurarase:

- EDUCACIÓN PARA A PAZ
 - Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre persoas e grupos; facilitar o encontro entre persoas con intereses non necesariamente coincidentes, e desenvolver actitudes básicas para a participación comprometida na

convivencia, a liberdade, a democracia e a solidariedade.

- EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA
 - Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor.
- EDUCACIÓN PARA A SAÚDE
 - Crear hábitos de hixiene física e mental, que permitan un desenvolvemento san, un aprecio do corpo e o seu benestar, unha mellor calidade de vida e unhas relacións interpersoais baseadas no desenvolvemento da autoestima.
- EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE
 - Desenvolver hábitos e actitudes de curiosidade, respecto e participación cara ás demais culturas do contorno.
 - Respetar e coñecer a pluralidade lingüística e cultural de España valorando a interculturalidade como un elemento enriquecedor da sociedade.
 - Coñecer, valorar e respetar os dereitos humanos, como base da non discriminación, o entendemento e o progreso de todos os pobos.
 - Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- EDUCACIÓN AMBIENTAL
 - Adquirir respecto cara os seres vivos e o medio, en particular ao valor dos espazos forestais e o desenvolvemento sostible.
- EDUCACIÓN VIARIA
 - Coñecer e respetar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

Cumprirase co establecido na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tal e como se recolle no artigo 10 da mencionada orde e finalizada cada unha das sesións de avaliación, o profesorado titor informará por escrito as nais, os pais ou, de ser o caso, as persoas que exerzan a titoría legal do alumnado dos resultados deste, da súa evolución académica e das medidas propostas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso. Entre esa información constará, cando proceda, a decisión sobre a promoción ao curso ou á etapa seguinte

O profesorado titor manterá unha comunicación fluída e regular co alumnado e coas súas familias, informándoos de todo o relativo ao proceso continuo da súa aprendizaxe, da forma de

<p>mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global e dalgún detalle concreto.</p> <p>- Recoñecemento de léxico, formas e estruturas básicas orais propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.</p> <p>- Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases...) e non verbais (expresión facial, xestos...).</p> <p>- Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais (instrucións e peticións) de progresiva complexidade en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula.</p> <p>- Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos correspondentes a rimas, cancións, dramatizacións... para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.</p> <p>- Desenvolvemento de actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo, seguindo modelos pautados, para a realización de tarefas na aula.</p>	<p>situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe.</p> <p><input type="checkbox"/> B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis importante do texto.</p> <p><input type="checkbox"/> B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>	<p>palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual.</p>	
	<p><input type="checkbox"/> PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	
	<p><input type="checkbox"/> PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	
	<p><input type="checkbox"/> PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	
	<p><input type="checkbox"/> PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	

	<input type="checkbox"/> B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: identificación progresiva de aspectos fonéticos, do ritmo e da entoación da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de breves textos orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.			
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS				
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> c <input type="checkbox"/> i	<input type="checkbox"/> B2.1. Estratexias de produción: Planificación: - Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces. Execución: - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos. Apoiarse nos coñecementos previos para participar activamente en situacións funcionais de comunicación, seguindo modelos, adecuadas á idade do alumnado e aos seus intereses.. - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal). - Recoñecer e usar progresivamente léxico, formas e estruturas básicas orais moi breves propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente traballadas. - Participar en interaccións orais en	<input type="checkbox"/> B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then). <input type="checkbox"/> B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as	<input type="checkbox"/> PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<input type="checkbox"/> PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<input type="checkbox"/> PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
			<input type="checkbox"/> PLEB2.4. Reproduce e comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<input type="checkbox"/> PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións dos seus compañeiros/as.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
			<input type="checkbox"/> PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

	<p>situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.</p> <p>- Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.</p> <p>- Participar activamente en intercambios lingüísticos orais sinxelos, previamente traballados en grupo, para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas.</p> <p>Empregar a lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación.</p> <p><input type="checkbox"/> B2.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación: Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.</p> <p>- Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).</p> <p>- Dominio moi progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais a través do xogo e da expresión corporal e musical.</p>	<p>convencións propias do proceso comunicativo.</p> <p><input type="checkbox"/> B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</p> <p><input type="checkbox"/> B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p>diferentes situacións comunicativas.</p> <p><input type="checkbox"/> PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<p>BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</p>				
<p><input type="checkbox"/> b</p> <p><input type="checkbox"/> f</p>	<p><input type="checkbox"/> B3.1. Estratexias de comprensión: Activación dos coñecementos previos en</p>	<p><input type="checkbox"/> B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as</p>	<p><input type="checkbox"/> PLEB3.1. Comprende frases simples relacionadas cos</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

<p>relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.</p> <p>- Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación sobre o contido de textos escritos sinxelos adaptados á súa idade.</p> <p>- Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.</p> <p>- Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula...</p> <p>- Recoñecer o léxico, formas e estruturas básicas escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.</p> <p>- Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia como invitacións, felicitacións, notas, avisos, folletos..., con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p> <p>- Lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.</p> <p>- Iniciación no uso do dicionario bilingüe e das</p>	<p>ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.</p>	<p>temas traballados previamente de forma oral.</p>	
		<p><input type="checkbox"/> PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
		<p><input type="checkbox"/> PLEB3.3. . Aмосa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
		<p><input type="checkbox"/> PLEB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE
		<p><input type="checkbox"/> PLB3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
		<p><input type="checkbox"/> PLB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE
		<p><input type="checkbox"/> PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
		<p><input type="checkbox"/> PLEB3.9. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE

	<p>tecnoloxías da información e da comunicación para ler (web, programas multimedia e correo electrónico).</p> <p><input type="checkbox"/> B3.2. . Padróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.</p> <p>- Asociación de graña, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas graña-son.</p> <p>- Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @.</p>			
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS				
<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> f <input type="checkbox"/> i	<input type="checkbox"/> B4.1. Estratexias de produción: Planificación: - Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións ... - Iniciarse no uso do dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado. Execución: - Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas. - Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual do alumnado e de materias audiovisuais e multimedia para reproducir mensaxes escritas sinxelas.	<input type="checkbox"/> B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. <input type="checkbox"/> B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas	<input type="checkbox"/> PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	• CCL
			<input type="checkbox"/> PLEB 4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.	• CCL
			<input type="checkbox"/> PLEB 4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos).	• CCL
			<input type="checkbox"/> PLEB 4.4.	• CCL

<p>- Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.</p> <p>- Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.</p> <p>Reelaborar informacións en ficheiros, libríños... textos escritos, moi breves e pautados, afíns aos seus intereses, cunha intención comunicativa.</p> <p>Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.</p> <p>- Compoñer a partir de modelos, diferentes textos sinxelos, utilizando expresións e frases coñecidas oralmente, para transmitir información.</p> <p>- Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...).</p> <p>- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información.</p> <p><input type="checkbox"/> B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación</p>	<p>máis adecuadas para a produción de textos escritos.</p> <p><input type="checkbox"/> B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.</p> <p><input type="checkbox"/> B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente.</p>	<p>Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...).</p>	
		<p><input type="checkbox"/> PLEB 4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
		<p><input type="checkbox"/> PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
		<p><input type="checkbox"/> PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC
		<p><input type="checkbox"/> PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD
		<p><input type="checkbox"/> PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE
		<p><input type="checkbox"/> PLEB4.10. Aмосa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

	<p>elementais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso dos signos de puntuación máis básicos. - Uso de símbolos de uso frecuente: €, £. - Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son. 		<p>variadas atendendo á súa corrección ortográfica.</p>	
--	--	--	---	--

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

<input type="checkbox"/> b <input type="checkbox"/> f	<input type="checkbox"/> B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: - Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras culturas. - Valoración da propia cultura a través do coñecemento e valoración doutras culturas, respecto e aceptación de ideas e costumes distintos. - Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira. - Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna. <input type="checkbox"/> B5.2. Funcións comunicativas: - Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais. - Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha	<input type="checkbox"/> B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. <input type="checkbox"/> B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. <input type="checkbox"/> B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos. <input type="checkbox"/> B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. <input type="checkbox"/> B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo. <input type="checkbox"/> B5.6. Expresar e identificar	<input type="checkbox"/> PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
			<input type="checkbox"/> PLEB5.2. Aмосa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CLC • CSC
			<input type="checkbox"/> PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
			<input type="checkbox"/> PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
			<input type="checkbox"/> PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas...	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
			<input type="checkbox"/> PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

<p>terceira persoa en afirmativa e negativa.</p> <p>- Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.</p> <p>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora etc.</p> <p>- Descrición das rutinas diarias. - Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...</p> <p>- Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.</p> <p>- Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.</p> <p>- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.</p> <p>Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.</p> <p>- Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.</p> <p>- Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.</p> <p>- Descrición de persoas, plantas e animais.</p> <p>- Expresión básica de desexos. - Formulación de preguntas sobre o desexo.</p> <p>- Expresión de instrucións.</p>	<p>localización de persoas, de obxectos e de lugares.</p> <p><input type="checkbox"/> B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.</p> <p><input type="checkbox"/> B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p><input type="checkbox"/> B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p> <p><input type="checkbox"/> B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then).</p> <p><input type="checkbox"/> B5.10. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p> <p><input type="checkbox"/> B5.11. Comprender e</p>	<p>(obxectos, espazos, seres vivos ...).</p>	
		<p><input type="checkbox"/> PLEB5.7. Preguntar e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
		<p><input type="checkbox"/> PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
		<p><input type="checkbox"/> PLEB5.9. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
		<p><input type="checkbox"/> PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
		<p><input type="checkbox"/> PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
<p><input type="checkbox"/> PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 		

